

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE FACENDA

DECRETO 188/2013, do 19 de decembro, polo que se aproba o Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014.

O Plan galego de estatística é, conforme o artigo 6 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, o instrumento de ordenación e planificación da actividade estatística da Comunidade Autónoma. Para o seu desenvolvemento e execución o Consello da Xunta, por proposta da conselleira de Facenda, aprobará un programa estatístico que terá a vixencia dun ano natural, conforme establece o artigo 9 da citada lei.

O Plan galego de estatística 2012-2016, aprobado pola Lei 8/2011, do 9 de novembro, prevé que os programas estatísticos anuais inclúan a relación de actividades estatísticas que satisfagan as súas metas de información, recollendo para cada unha delas as características que determinan os seus artigos 9 e 10. Ademais, os programas incluírán unha relación das outras actividades de interese estatístico vinculadas ás liñas de actuación salientables do artigo 6.4.

En cumprimento do disposto no artigo 9 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, o proxecto do Programa estatístico anual 2014 foi elaborado polo Instituto Galego de Estatística, logo do informe preceptivo do Consello Galego de Estatística.

En virtude de todo o anterior, por proposta da conselleira de Facenda, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día dezanove de decembro de dous mil trece,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Aprobación do Programa estatístico anual 2014*

De conformidade co disposto no artigo 9 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, e o 3.2 da Lei 8/2011, do 9 de novembro, do Plan galego de estatística 2012-2016, apróbase o Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2014. Este programa inclúe as operacións e as outras actividades estatísticas que darán cumprimento aos obxectivos do plan, realizadas polo IGE, os órganos superiores da Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades públicas instrumentais do sector



público autonómico, que coordinarán as súas actuacións mediante os órganos estatísticos sectoriais. Nos anexos I, II, III e IV recóllense, clasifícanse e descríbense estas actividades. No anexo V preséntanse as actividades de interese estatístico que se programan para cumprir os obxectivos do plan e no anexo VI as modificacións con respecto ao programa de 2013.

Artigo 2. *Obxectivos informativos*

Os obxectivos informativos recollidos no artigo 6 do Plan galego de estatística comprenden as metas de información, a obrigada consideración da perspectiva de xénero e as liñas de actuación salientables.

1. Metas de información.

O plan inclúe no anexo 2 as metas de información estatística, que constitúen os seus obxectivos específicos de información. Para cumprir estes obxectivos prográmanse no ano 2014 as operacións e as outras actividades estatísticas incluídas no anexo I deste decreto.

2. Perspectiva de xénero.

As actividades estatísticas programadas deberán ter en conta a perspectiva de xénero. As incluídas no programa que prevexan datos sobre persoas físicas deberanse recoller e difundir por sexo. Só excepcionalmente e mediante informe motivado e aprobado polo órgano competente poderá xustificarse o incumprimento desta obriga.

3. Liñas de actuación salientables.

Dentro dos obxectivos informativos e como liñas de actuación salientables, o Plan galego de estatística 2012-2016 encomenda profundar na análise da demografía, da estrutura, da conxuntura e do sector exterior da economía. No anexo V do programa figuran as actividades de interese estatístico e outras actuacións concretas que se realizarán en 2014 para avanzar neste obxectivo de incrementar o valor da información estatística dispoñible. Xunto con esas, cómpre engadir outras de máis difícil concreción, pero tamén vinculadas coas liñas de actuación salientables, que se presentan a seguir:

a) Liña de actuación salientable 1. Demografía.

– Análise dos cambios demográficos.



- Estudo das cargas poboacionais que soportan as diversas divisións territoriais.
 - Estudo do grao de urbanización, principalmente nas seccións censuais.
- b) Liña de actuación salientable 2. Estrutura económica.
- Estudo da retropolación dalgunhas magnitudes do sistema de contas económicas de Galicia.
 - Estudo dos métodos para actualizar táboas input-output e a súa aplicación ao Miogal.
 - Estudo dos métodos para estimar macromagnitudes en termos constantes.
- c) Liña de actuación salientable 4. Sector exterior.
- Análise dos fluxos co resto das CC.AA. dos principais produtos.

Artigo 3. *Obxectivos organizativos*

Para dar cumprimento a estes obxectivos prográmanse en 2014 as actividades de interese estatístico incluídas no anexo V deste decreto.

Artigo 4. *Obxectivos instrumentais*

Para dar cumprimento a estes obxectivos prográmanse en 2014 as actividades estatísticas incluídas no anexo I deste decreto, así como as actividades de interese estatístico incluídas no seu anexo V.

Artigo 5. *Carácter das operacións estatísticas*

As operacións incluídas nos programas anuais con proxecto técnico consideraranse oficiais despois da publicación dos seus resultados.

Artigo 6. *Planificación*

Segundo o artigo 21 da Lei 8/2011, do 9 de novembro do Plan galego de estatística 2012-2016, para que o sistema estatístico provexa información aos instrumentos de



planificación que formalicen os órganos da Administración autonómica, deberá incluírse unha operación do tipo sistema de indicadores nos programas. Para cumprir con isto, prográmase para o ano 2014 a operación 31-905 «Indicadores de contexto do Plan de desenvolvemento rural».

Disposición adicional

As actuacións estatísticas incluídas neste programa levaranse a efecto dentro das dispoñibilidades orzamentarias existentes no estado de gastos do orzamento da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2014.

Disposición derradeira primeira

Facúltase a conselleira de Facenda para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución desta norma.

Disposición derradeira segunda

Esta disposición entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2014.

Santiago de Compostela, dezanove de decembro de dous mil trece

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Elena Muñoz Fonteriz
Conselleira de Facenda

Anexo I. Metas de información e obxectivos instrumentais coas actividades estatísticas que os satisfán.

Anexo II. Operacións e outras actividades estatísticas por organismo responsable.

Anexo III. Descrición das operacións estatísticas.

Anexo IV. Descrición das outras actividades estatísticas.

Anexo V. Outras actividades de interese estatístico.

Anexo VI. Relación entre os programas para o 2013 e o 2014.



ANEXO I

Metas de información e actividades estatísticas que as satisfán

1. Territorio, recursos naturais e medio ambiente.

1.1. Territorio e recursos naturais.

1.1.1. Territorio.

11-101 Estado do planeamento urbanístico dos concellos: en curso.

11-102 Indicadores de seguimento das Directrices de ordenación do territorio e do Plan de ordenación do litoral: en proxecto.

1.1.2. Oferta e demanda de solo.

1.1.3. Estradas.

11-301 Contaxe nas estradas competencia da Comunidade Autónoma: en curso.

1.1.4. Portos e outras infraestruturas.

1.1.5. Estática e dinámica forestal. Superficies e repoboacións.

AE613 Producións forestais.

1.1.6. Incendios forestais.

AE614 Incendios forestais.

1.1.7. Montes veciñais e comunidades de montes.

AE612 Explotación do Rexistro de Montes Veciñais de Man Común.

1.1.8. Caza e pesca continental.

11-801 Estatística de licenzas de pesca e caza: en curso.

1.1.9. Recursos naturais e biodiversidade.

AE603 Indicadores ambientais.



1.2. Medio ambiente.

1.2.1. Climatoloxía.

AE616 Climatoloxía.

1.2.2. Calidade do aire.

AE603 Indicadores ambientais.

AE615 Calidade do aire.

1.2.3. Reservas de auga.

12-301 Reservas de auga: en curso.

1.2.4. Calidade e depuración de auga.

12-401 Sistema de información sobre calidade microbiolóxica das zonas de baño: en curso.

AE603 Indicadores ambientais.

1.2.5. Residuos urbanos e industriais. Reciclaxe.

12-501 Xestión de residuos urbanos: en curso.

AE603 Indicadores ambientais.

1.2.6. Infraccións e impacto ambiental.

1.2.7. Hábitos e prácticas ambientais.

AE603 Indicadores ambientais.

2. Sociedade.

2.1. Poboación e fogares.

2.1.1. Estática e dinámica da poboación.

21-101 Indicadores demográficos: en curso.



21-102 Cifras poboacionais de referencia: en curso.

21-103 Sistema de indicadores de lonxevidade: en curso.

21-104 Explotación estatística do Rexistro de Parellas de Feito: en proxecto.

21-105 Táboas de mortalidade: en proxecto.

AE209 Panorama demográfico.

AE301 Explotación do movemento natural da poboación.

AE302 Explotación dos movementos migratorios.

AE308 Nomenclátor e explotación do padrón municipal de habitantes.

AE323 Explotación estatística dos censos demográficos.

AE329 EPA. Estatística de mobilidade laboral e xeográfica.

2.1.2. Estrutura dos fogares.

21-201 Estatística de familias numerosas: en curso.

25-201 Enquisa estrutural a fogares: en curso.

AE209 Panorama demográfico.

2.1.3. Dinámica dos fogares.

21-301 Proxeccións de fogares: en curso.

AE209 Panorama demográfico.

2.1.4. Proxeccións demográficas.

21-401 Proxeccións de poboación a curto prazo: en curso.

AE209 Panorama demográfico.



2.2. Sanidade.

2.2.1. Asistencia sanitaria.

22-101 Explotación do Rexistro Galego de Interrupcións Voluntarias do Embarazo: en cumprimento.

2.2.2. Listas de agarda.

22-201 Sistema de información sobre a lista de espera cirúrxica: en curso.

2.2.3. Prestación farmacéutica.

2.2.4. Estado xeral de saúde da poboación.

22-402 Sistema de información sobre condutas de risco (Sicri): en proxecto.

2.2.5. Morbilidade.

22-501 Explotación do Rexistro Galego da Sida: en cumprimento.

22-502 Explotación do Rexistro Galego de Tuberculose: en curso.

AE617 Enfermidades de declaración obrigatoria.

2.2.6. Mortalidade por causas.

22-601 Análise da mortalidade: en cumprimento.

22-701 Mortalidade por reacción aguda ao consumo de drogas: en cumprimento.

2.2.7. Consumo de drogas e asistencia ás persoas drogodependentes.

22-701 Mortalidade por reacción aguda ao consumo de drogas: en cumprimento.

22-702 Admisións a tratamento por consumo de substancias psicactivas: en cumprimento.



2.3. Educación e capital humano.

2.3.1. Ensino preobligatorio.

23-201 Estatística do ensino non universitario en Galicia: en curso.

2.3.2. Ensino obrigatorio.

23-201 Estatística do ensino non universitario en Galicia: en curso.

2.3.3. Ensino postobligatorio non universitario.

23-201 Estatística do ensino non universitario en Galicia: en curso.

2.3.4. Acceso á universidade. Oferta e demanda de titulacións.

23-501 Datos estatísticos do Sistema universitario de Galicia: en curso.

2.3.5. Ensino universitario.

23-501 Datos estatísticos do Sistema universitario de Galicia: en curso.

2.3.6. Tránsito do sistema educativo ao mercado laboral.

23-601 Inserción laboral dos titulados de formación profesional: en curso.

2.3.7. Outros tipos de formación, coa inclusión da realizada no seo das empresas.

23-701 Estatística de escolas, casas de oficio e obradoiros de emprego: en curso.

2.4. Traballo.

2.4.1. Caracterización do mercado laboral.

24-101 Datos sobre ocupacións máis contratadas: en curso.

24-102 Persoal ao servizo da Administración autonómica: en cumprimento.

24-103 Enquisa de poboación activa de Galicia (EPA): en cumprimento.



24-104 Apertura de centros de traballo: en curso.

24-105 Centros especiais de emprego: en implantación.

AE304 Explotación das afiliacións á Seguridade Social.

AE321 Explotación da mostra continua de vidas laborais.

AE327 EPA. Módulo sobre accidentes laborais e problemas de saúde relacionados co traballo.

AE328 EPA. Estatística de fluxos da poboación activa.

AE329 EPA. Estatística de mobilidade laboral e xeográfica.

AE330 EPA. Decil de salarios do emprego principal.

AE606 Explotación do Rexistro de Contratos Laborais.

AE607 Informe do paro rexistrado.

2.4.2. Accidentes laborais e enfermidades profesionais.

24-201 Sinistralidade laboral: en curso.

AE327 EPA. Módulo sobre accidentes laborais e problemas de saúde relacionados co traballo.

2.4.3. Accións preventivas en sinistralidade laboral.

2.4.4. Incapacidades por enfermidade.

2.4.5. Salarios.

36-202 Estatística de salarios dos alcaldes: en proxecto.

AE312 Estudo sobre salarios.

AE330 EPA. Decil de salarios do emprego principal.



2.4.6. Outras condicións laborais.

24-601 Empresas de traballo temporal: en curso.

2.4.7. Flexibilidade na aplicación das condicións laborais.

2.4.8. Concertación laboral.

24-801 Conciliacións individuais e colectivas: en curso.

AE604 Negociación colectiva.

2.4.9. Eleccións sindicais.

24-901 Eleccións sindicais: en implantación.

2.4.10. Folgas e peches patronais.

24-1001 Folgas e peches patronais: en curso.

2.4.11. Infraccións e sancións.

24-1101 Infraccións e sancións na orde social: en curso.

2.4.12. Regulación de emprego.

24-1201 Procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada: en implantación.

2.4.13. Persoas traballadoras estranxeiras.

24-1301 Desprazamento transnacional de persoas traballadoras: en curso.

2.5. Condicións sociais.

2.5.1. Ingresos e gastos dos fogares.

25-101 Enquisa conxuntural a fogares: en curso.

25-201 Enquisa estrutural a fogares: en curso.



2.5.2. Benestar.

25-201 Enquisa estrutural a fogares: en curso.

25-202 Indicadores de xénero: en curso.

25-203 Indicadores de cohesión social: en curso.

2.5.3. Pensións e outras prestacións.

25-602 Estatística sobre beneficiarios da Risga e das axudas de emerxencia social: en curso.

AE314 Pensións e outras prestacións.

2.5.4. Emprego do tempo.

2.5.5. Desprazamentos por razón de traballo e outros tipos de mobilidade.

AE329 EPA. Estatística de mobilidade laboral e xeográfica.

2.5.6. Poboación dependente e segmentos sociais con máis necesidades potenciais.

21-103 Sistema de indicadores de lonxevidade: en curso.

25-601 Estatística de protección de menores: en curso.

25-602 Estatística sobre beneficiarios da Risga e das axudas de emerxencia social: en curso.

25-603 Explotación do Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais: en curso.

AE315 EPA. Estudo sobre a relación coa actividade da poboación xuvenil.

2.5.7. Discapacidade.

25-701 Explotación do censo de persoas con discapacidade: en curso.

2.5.8. Violencia de xénero.

25-801 Estatística de violencia de xénero: en curso.



2.5.9. Conciliación familiar e laboral.

2.5.10. Capital social e participación cidadá.

2.5.11. Xustiza e seguridade.

25-1101 Estatística de chamadas ao Centro de Atención ás Emerxencias 112: en implantación.

AE602 Asistencia xurídica gratuíta.

2.6. Cultura e lecer.

2.6.1. Equipamentos e recursos culturais.

AE628 Estatística de bibliotecas públicas.

2.6.2. Equipamentos e recursos deportivos e para o lecer.

2.6.3. Hábitos e prácticas culturais.

2.6.4. Hábitos e prácticas deportivas e do lecer.

11-801 Estatística de licenzas de pesca e caza: en curso.

2.6.5. Prácticas lingüísticas.

AE325 EEF. Coñecemento e uso do galego.

2.6.6. Produción e oferta audiovisual.

2.6.7. Outras producións e ofertas culturais.

38-103 Enquisa sectorial ás empresas e ás institucións sen fins de lucro: en implantación.

2.7. Vivenda.

2.7.1. Parque de vivendas.



2.7.2. Demanda e acceso á vivenda.

AE601 Accesibilidade á vivenda.

2.7.3. Equipamento e características das vivendas.

3. Estrutura produtiva.

3.1. Sector agrario.

3.1.1. Superficies agrarias.

31-101 Superficies agrícolas: en curso.

3.1.2. Efectivos gandeiros.

31-201 Sector porcino industrial: en cumprimento.

31-203 Explotación do Rexistro de Gando Bovino: en curso.

31-204 Explotación do Rexistro de Ovino e Cabrún: en curso.

AE620 Explotación do Rexistro de Avicultura.

3.1.3. Maquinaria e outro capital agrario.

31-301 Explotación do Rexistro de Maquinaria Agrícola: en curso.

3.1.4. Producións e rendementos vexetais.

31-904 Estatística do sector hortoflorícola: en implantación.

AE621 Rendementos de cultivos.

3.1.5. Sacrificio de gando.

31-501 Estatística de sacrificio de gando en matadoiros: en cumprimento.

3.1.6. Produción de leite.



3.1.7. Outras producións e rendementos animais.

3.1.8. Producción ecolóxica e de calidade.

AE603 Indicadores ambientais.

3.1.9. Características das explotacións agrarias.

31-902 Explotación do Rexistro Vitícola: en curso.

31-904 Estatística do sector hortoflorícola: en implantación.

31-905 Indicadores de contexto do Plan de desenvolvemento rural: en proxecto.

AE105 Contas económicas da agricultura. Utilización de medios de produción na explotación agraria.

3.2. Pesca e acuicultura.

3.2.1. Buques pesqueiros.

32-101 Explotación do Rexistro de Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma: en curso.

3.2.2. Establecementos de acuicultura.

3.2.3. Primeira venda de produtos pesqueiros.

32-301 Estatística da primeira venda de produtos pesqueiros frescos: en curso.

3.2.4. Características das unidades de produción.

AE610 Estatística de permisos de marisqueo a pé.

AE622 Estatística de produción de acuicultura mariña.

3.2.5. Ocupación no sector da pesca.

32-501 Enquisa de ocupación na pesca: en implantación.



3.3. Enerxía e industria.

3.3.1. Produción, distribución e consumo de enerxía.

33-101 Balance enerxético: en curso.

33-201 Caracterización da xeración eléctrica do réxime especial: en curso.

3.3.2. Enerxías renovable e non-renovable.

33-101 Balance enerxético: en curso.

33-201 Caracterización da xeración eléctrica do réxime especial: en curso.

3.3.3. Caracterización do subsector mineiro.

3.3.4. Subsector industrial relacionado co sector primario.

AE611 Enquisa trimestral de fabricación de pensos e consumo de materias primas.

3.3.5. Outras industrias manufactureiras.

AE307 Explotación do índice de produción industrial.

3.4. Construción.

3.4.1. Edificación residencial e non residencial.

34-101 Estatística de construción de edificios: en cumprimento.

AE313 Seguimento e análise da construción.

3.4.2. Rehabilitación e recuperación do patrimonio construído.

3.4.3. Enxeñaría civil.

3.5. Servizos de mercado.

3.5.1. Comercio interior.

35-501 Indicadores de actividade e de VEB do sector servizos: en curso.



3.5.2. Transporte de mercadorías e de pasaxeiros.

35-501 Indicadores de actividade e de VEB do sector servizos: en curso.

3.5.3. Infraestruturas turística e hostaleira.

35-501 Indicadores de actividade e de VEB do sector servizos: en curso.

AE412 Emprego no sector turístico galego.

AE623 Explotación do Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas.

3.5.4. Movemento de viaxeiros. Ocupación en establecementos regulamentados e non regulamentados.

35-401 Análise estatística sobre o excursionismo procedente de Asturias, León e Zamora: en curso.

35-402 Enquisa sobre o turismo en destino de Galicia: en curso.

35-403 Enquisa de movemento aeroportuario de Galicia: en proxecto.

AE324 Conxuntura hoteleira en Galicia: análise da demanda, ocupación e rendibilidade empresarial.

3.5.5. Servizos financeiros, servizos ás empresas e outros de mercado.

35-501 Indicadores de actividade e de VEB do sector servizos: en curso.

35-502 Enquisa de servizos a empresas: en implantación.

38-103 Enquisa sectorial ás empresas e ás institucións sen fins de lucro: en implantación.

3.6. Administración pública e outros servizos non de mercado.

3.6.1. Administración autonómica.

36-101 Indicadores da actividade económico-financeira da Comunidade Autónoma: en curso.



36-102 Explotación do Rexistro de entidades instrumentais do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia: en curso.

3.6.2. Administración local.

36-202 Estatística de salarios dos alcaldes: en proxecto.

36-203 Estatística de dedicacións exclusivas nos concellos: en proxecto.

36-205 Estatística de mancomunidades e consorcios: en proxecto.

3.6.3. Administración universitaria.

3.6.4. Institucións sen fins de lucro.

38-103 Enquisa sectorial ás empresas e ás institucións sen fins de lucro: en implantación.

3.6.5. Ingresos tributarios e non tributarios.

36-501 Estatística tributaria autonómica: en curso.

AE317 Explotación estatística da información tributaria.

3.6.6. Recursos e gasto na educación.

3.6.7. Recursos e gasto na sanidade.

3.6.8. Recursos e gasto nas infraestruturas.

3.6.9. Recursos e gasto na I+D+i.

3.6.10. Recursos e gasto noutras áreas de especial interese.

3.6.11. Cooperación externa.

36-1101 Cooperación con países terceiros: en proxecto.



3.7. Mercados e prezos.

3.7.1. Intercambios comerciais.

AE305 Explotación dos datos do comercio exterior e intracomunitario.

3.7.2. Prezos no sector primario.

37-201 Prezos agrarios: en cumprimento.

37-202 Prezos da terra: en cumprimento.

37-203 Prezos do leite: en curso.

37-204 Explotación do Rexistro sobre Prezos Declarados polos Compradores de Leite: en curso.

3.7.3. Prezos no sector da construción e da vivenda.

3.7.4. Prezos no sector externo.

37-401 Índices de valor unitario para o comercio exterior e intracomunitario: en curso.

3.7.5. Prezos no sector enerxético.

3.7.6. Prezos noutros sectores.

3.7.7. Nivel xeral de prezos.

AE309 Informe das variacións do índice de prezos de consumo.

3.7.8. Competitividade.

37-801 Índices de competitividade: en curso.

AE627 Enquisa sobre a percepción da competencia en Galicia.

3.8. Actividade empresarial.

3.8.1. Estrutura e caracterización do sector empresarial.

35-502 Enquisa de servizos a empresas: en implantación.



38-101 Explotación do directorio de empresas e unidades locais: en reestruturación.

38-102 Indicadores do sector empresarial: en curso.

38-103 Enquisa sectorial ás empresas e ás institucións sen fins de lucro: en implantación.

38-104 Explotación do *Boletín Oficial del Registro Mercantil*: en curso.

38-105 Estatística de multilocalización empresarial: en proxecto.

38-106 Índice de carga e simplificación administrativa para autónomos e empresas: en proxecto.

AE627 Enquisa sobre a percepción da competencia en Galicia.

3.8.2. Conxuntura empresarial.

38-202 Índice de conxuntura do investimento: en proxecto.

AE303 Confiianza empresarial.

3.8.3. Cooperativas, sociedades laborais e outras formas asociativas.

AE624 Cooperativas.

AE625 Sociedades laborais.

3.9. Sistema de contas.

3.9.1. Contas económicas.

35-502 Enquisa de servizos a empresas: en implantación.

38-103 Enquisa sectorial ás empresas e ás institucións sen fins de lucro: en implantación.

38-202 Índice de conxuntura do investimento: en proxecto.

39-101 Contas económicas anuais: en curso.



39-102 Contas económicas trimestrais: en curso.

39-103 Contas económicas da agricultura: en cumprimento.

39-104 Produto interior bruto municipal: en curso.

39-301 Contas de distribución da renda dos fogares por concellos: en curso.

AE105 Contas económicas da agricultura. Utilización de medios de produción na explotación agraria.

3.9.2. Marco input-output.

35-502 Enquisa de servizos a empresas: en implantación.

38-103 Enquisa sectorial ás empresas e ás institucións sen fins de lucro: en implantación.

38-202 Índice de conxuntura do investimento: en proxecto.

39-201 Marco input-output: en curso.

3.9.3. Sectores institucionais.

39-301 Contas de distribución da renda dos fogares por concellos: en curso.

39-402 Matriz de contabilidade social: en curso.

3.9.4. Contas satélites.

39-402 Matriz de contabilidade social: en curso.

4. Coñecemento e tecnoloxía.

4.1. Sociedade da información.

4.1.1. Sociedade da información nos fogares.

41-101 Sistema de indicadores da sociedade da información: en curso.

AE306 EEF. Novas tecnoloxías.



4.1.2. Sociedade da información nas empresas.

41-101 Sistema de indicadores da sociedade da información: en curso.

41-201 Empresas TIC de Galicia: en implantación.

4.1.3. Sociedade da información nas administracións.

41-101 Sistema de indicadores da sociedade da información: en curso.

41-301 Estatística sobre a Administración electrónica na Xunta de Galicia: en curso.

4.1.4. Sociedade da información no sistema educativo.

4.1.5. Sociedade da información no sistema sanitario.

41-501 Situación das TIC nos centros sanitarios: en curso.

4.1.6. Sociedade da información no medio rural.

4.2. Ciencia e tecnoloxía.

4.2.1. I+D+i nas empresas.

42-101 Situación da certificación en Galicia: en curso.

AE626 Indicadores de innovación.

4.2.2. I+D+i nas administracións.

AE626 Indicadores de innovación.

4.2.3. I+D+i na universidade.

AE626 Indicadores de innovación.

4.2.4. Comercio externo de produtos tecnolóxicos.

AE316 Comercio exterior de produtos de alta tecnoloxía.



ANEXO I (BIS)

Obxectivos instrumentais e actividades estatísticas que os satisfán

a) Responder as demandas de información deseñando a actividade estatística consonte as necesidades, ofrecendo retornos de valor e reducindo as molestias aos informantes.

b) Divulgar axeitadamente, respectando os prazos ou as datas de publicación, a información estatística de carácter oficial que teña como referencia Galicia.

AE304 Explotación das afiliacións á Seguridade Social.

AE305 Explotación dos datos do comercio exterior e intracomunitario.

AE307 Explotación do índice de produción industrial.

AE202 Banco de series de conxuntura.

AE205 Banco de datos territorial.

c) Sensibilizar a sociedade mediante servizos e actividades que potencien o coñecemento a través da estatística.

AE204 Portal estatístico para o mundo educativo.

AE219 Observatorio da sociedade da información e da modernización de Galicia.

AE410 A enerxía en Galicia.

AE401 Anuario de estatística agraria.

AE402 Anuario de pesca.

AE404 Datos estatísticos básicos de Galicia.

AE405 Tendencias do emprego.

AE406 Anuario de estatísticas sociolaborais.

AE409 Galicia aberta: a emigración en cifras.



AE220 Observatorio da economía galega.

AE209 Panorama demográfico.

d) Impulsar e realizar investigación estatística, tanto nos aspectos metodolóxicos e históricos como noutros ámbitos de interese para a Comunidade Autónoma que contribúan a mellorar o coñecemento da súa realidade demográfica, social, económica e ambiental.

AE708 Investigación e desenvolvemento de métodos demográficos.

e) Promover a normalización, homoxeneidade e posibilidade de comparación da información proporcionada polo sistema estatístico de Galicia respecto do estatal e do europeo.

AE608 Indicadores estruturais da Unión Europea.

AE210 Galicia na Unión Europea.

f) Avanzar na estruturación informática do sistema estatístico de Galicia e dos sistemas de información.

g) Contribuír ao desenvolvemento da sociedade da información, proporcionando a oferta estatística como un servizo electrónico.

AE202 Banco de series de conxuntura.

AE205 Banco de datos territorial.

AE218 Indicadores do mercado laboral.

AE201 Galicia en cifras.

AE408 A realidade da muller galega.

AE211 Boletín de conxuntura.

h) Desenvolver a referenciación territorial da información estatística e avanzar na homoxeneización da desagregación territorial das actividades realizadas.

AE308 Nomenclátor e explotación do padrón municipal de habitantes.



AE203 Atlas estatístico comarcal.

AE205 Banco de datos territorial.

AE609 Indicador da intensidade da demanda turística.

AE413 Panorama dos sete grandes concellos.

i) Desenvolver marcos e directorios de unidades estatísticas.

ANEXO II

Operacións e outras actividades estatísticas por organismo responsable

Presidencia da Xunta.

35-401 Análise estatística sobre o excursionismo procedente de Asturias, León e Zamora: en curso.

35-402 Enquisa sobre o turismo en destino de Galicia: en curso.

35-403 Enquisa de movemento aeroportuario de Galicia: en proxecto.

41-101 Sistema de indicadores da sociedade da información: en curso.

41-201 Empresas TIC de Galicia: en implantación.

41-301 Estatística sobre a Administración electrónica na Xunta de Galicia: en curso.

AE219 Observatorio da sociedade da información e da modernización de Galicia.

AE324 Conxuntura hoteleira en Galicia: análise da demanda, ocupación e rendibilidade empresarial.

AE409 Galicia aberta: a emigración en cifras.

AE412 Emprego no sector turístico galego.

AE623 Explotación do Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas.



Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

21-104 Explotación estatística do Rexistro de Parellas de Feito: en proxecto.

25-1101 Estatística de chamadas ao Centro de Atención ás Emerxencias 112: en implantación.

25-801 Estatística de violencia de xénero: en curso.

36-202 Estatística de salarios dos alcaldes: en proxecto.

36-203 Estatística de dedicacións exclusivas nos concellos: en proxecto.

36-205 Estatística de mancomunidades e consorcios: en proxecto.

36-1101 Cooperación con países terceiros: en proxecto.

AE602 Asistencia xurídica gratuíta.

Consellería de Facenda.

24-102 Persoal ao servizo da Administración autonómica: en cumprimento.

36-101 Indicadores da actividade económico-financeira da Comunidade Autónoma: en curso.

36-102 Explotación do Rexistro de entidades instrumentais do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia: en curso.

36-501 Estatística tributaria autonómica: en curso.

AE220 Observatorio da economía galega.

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

11-101 Estado do planeamento urbanístico dos concellos: en curso.

11-102 Indicadores de seguimento das Directrices de ordenación do territorio e do Plan de ordenación do litoral: en proxecto.

11-301 Contaxe nas estradas competencia da Comunidade Autónoma: en curso.



11-801 Estatística de licenzas de pesca e caza: en curso.

12-301 Reservas de auga: en curso.

12-501 Xestión de residuos urbanos: en curso.

34-101 Estatística de construción de edificios: en cumprimento.

AE603 Indicadores ambientais.

AE615 Calidade do aire.

AE616 Climatoloxía.

Consellería de Economía e Industria.

33-101 Balance enerxético: en curso.

33-201 Caracterización da xeración eléctrica do réxime especial: en curso.

42-101 Situación da certificación en Galicia: en curso.

AE410 A enerxía en Galicia.

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

23-201 Estatística do ensino non universitario en Galicia: en curso.

23-501 Datos estatísticos do Sistema universitario de Galicia: en curso.

23-601 Inserción laboral dos titulados de formación profesional: en curso.

AE628 Estatística de bibliotecas públicas.

Consellería de Sanidade.

12-401 Sistema de información sobre calidade microbiolóxica das zonas de baño: en curso.

21-105 Táboas de mortalidade: en proxecto.



22-101 Explotación do Rexistro Galego de Interrupcións Voluntarias do Embarazo: en cumprimento.

22-201 Sistema de información sobre a lista de espera cirúrxica: en curso.

22-402 Sistema de información sobre condutas de risco (Sicri): en proxecto.

22-501 Explotación do Rexistro Galego da Sida: en cumprimento.

22-502 Explotación do Rexistro Galego de Tuberculose: en curso.

22-601 Análise da mortalidade: en cumprimento.

22-701 Mortalidade por reacción aguda ao consumo de drogas: en cumprimento.

22-702 Admisións a tratamento por consumo de sustancias psicactivas: en cumprimento.

41-501 Situación das TIC nos centros sanitarios: en curso.

AE617 Enfermidades de declaración obrigatoria.

Consellería de Traballo e Benestar.

21-201 Estatística de familias numerosas: en curso.

23-701 Estatística de escolas, casas de oficio e obradoiros de emprego: en curso.

24-101 Datos sobre ocupacións máis contratadas: en curso.

24-104 Apertura de centros de traballo: en curso.

24-105 Centros especiais de emprego: en implantación.

24-201 Sinistralidade laboral: en curso.

24-601 Empresas de traballo temporal: en curso.

24-801 Conciliacións individuais e colectivas: en curso.

24-901 Eleccións sindicais: en implantación.



24-1001 Folgas e peches patronais: en curso.

24-1101 Infraccións e sancións na orde social: en curso.

24-1201 Procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada: en implantación.

24-1301 Desprazamento transnacional de persoas traballadoras: en curso.

25-601 Estatística de protección de menores: en curso.

25-602 Estatística sobre beneficiarios da Risga e das axudas de emerxencia social: en curso.

25-603 Explotación do Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais: en curso.

25-701 Explotación do censo de persoas con discapacidade: en curso.

AE218 Indicadores do mercado laboral.

AE405 Tendencias do emprego.

AE406 Anuario de estatísticas sociolaborais.

AE604 Negociación colectiva.

AE606 Explotación do Rexistro de Contratos Laborais.

AE607 Informe do paro rexistrado.

AE624 Cooperativas.

AE625 Sociedades laborais.

Consellería do Medio Rural e do Mar.

31-101 Superficies agrícolas: en curso.

31-201 Sector porcino industrial: en cumprimento.



- 31-203 Explotación do Rexistro de Gando Bovino: en curso.
- 31-204 Explotación do Rexistro de Ovino e Cabrún: en curso.
- 31-301 Explotación do Rexistro de Maquinaria Agrícola: en curso.
- 31-501 Estatística de sacrificio de gando en matadoiros: en cumprimento.
- 31-902 Explotación do Rexistro Vitícola: en curso.
- 31-904 Estatística do sector hortoflorícola: en implantación.
- 31-905 Indicadores de contexto do Plan de desenvolvemento rural: en proxecto.
- 32-101 Explotación do Rexistro de Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma: en curso.
- 32-301 Estatística da primeira venda de produtos pesqueiros frescos: en curso.
- 32-501 Enquisa de ocupación na pesca: en implantación.
- 37-201 Prezos agrarios: en cumprimento.
- 37-202 Prezos da terra: en cumprimento.
- 37-203 Prezos do leite: en curso.
- 37-204 Explotación do Rexistro sobre Prezos Declarados polos Compradores de Leite: en curso.
- 39-103 Contas económicas da agricultura: en cumprimento.
- AE105 Contas económicas da agricultura. Utilización de medios de produción na explotación agraria.
- AE401 Anuario de estatística agraria.
- AE402 Anuario de pesca.
- AE610 Estatística de permisos de marisqueo a pé.



AE611 Enquisa trimestral de fabricación de pensos e consumo de materias primas.

AE612 Explotación do Rexistro de Montes Veciñais de Man Común.

AE613 Producións forestais.

AE614 Incendios forestais.

AE620 Explotación do Rexistro de Avicultura.

AE621 Rendementos de cultivos.

AE622 Estatística de produción de acuicultura mariña.

Instituto Galego de Estatística.

21-101 Indicadores demográficos: en curso.

21-102 Cifras poboacionais de referencia: en curso.

21-103 Sistema de indicadores de lonxevidade: en curso.

21-105 Táboas de mortalidade: en proxecto.

21-301 Proxeccións de fogares: en curso.

21-401 Proxeccións de poboación a curto prazo: en curso.

24-103 Enquisa de poboación activa de Galicia (EPA): en cumprimento.

25-101 Enquisa conxuntural a fogares: en curso.

25-201 Enquisa estrutural a fogares: en curso.

25-202 Indicadores de xénero: en curso.

25-203 Indicadores de cohesión social: en curso.

31-905 Indicadores de contexto do Plan de desenvolvemento rural: en proxecto.



- 34-101 Estatística de construción de edificios: en cumprimento.
- 35-501 Indicadores de actividade e de VEB do sector servizos: en curso.
- 35-502 Enquisa de servizos a empresas: en implantación.
- 37-401 Índices de valor unitario para o comercio exterior e intracomunitario: en curso.
- 37-801 Índices de competitividade: en curso.
- 38-101 Explotación do directorio de empresas e unidades locais: en reestruturación.
- 38-102 Indicadores do sector empresarial: en curso.
- 38-103 Enquisa sectorial ás empresas e ás institucións sen fins de lucro: en implantación.
- 38-104 Explotación do *Boletín Oficial del Registro Mercantil*: en curso.
- 38-105 Estatística de multilocalización empresarial: en proxecto.
- 38-106 Índice de carga e simplificación administrativa para autónomos e empresas: en proxecto.
- 38-202 Índice de conxuntura do investimento: en proxecto.
- 39-101 Contas económicas anuais: en curso.
- 39-102 Contas económicas trimestrais: en curso.
- 39-103 Contas económicas da agricultura: en cumprimento.
- 39-104 Produto interior bruto municipal: en curso.
- 39-201 Marco input-output: en curso.
- 39-301 Contas de distribución da renda dos fogares por concellos: en curso.
- 39-402 Matriz de contabilidade social: en curso.



AE201 Galicia en cifras.

AE202 Banco de series de conxuntura.

AE203 Atlas estatístico comarcal.

AE204 Portal estatístico para o mundo educativo.

AE205 Banco de datos territorial.

AE209 Panorama demográfico.

AE210 Galicia na Unión Europea.

AE211 Boletín de conxuntura.

AE220 Observatorio da economía galega.

AE301 Explotación do movemento natural da poboación.

AE302 Explotación dos movementos migratorios.

AE303 Confianza empresarial.

AE304 Explotación das afiliacións á Seguridade Social.

AE305 Explotación dos datos do comercio exterior e intracomunitario.

AE306 EEF. Novas tecnoloxías.

AE307 Explotación do índice de produción industrial.

AE308 Nomenclátor e explotación do padrón municipal de habitantes.

AE309 Informe das variacións do Índice de prezos de consumo.

AE312 Estudo sobre salarios.

AE313 Seguimento e análise da construción.



AE314 Pensións e outras prestacións.

AE315 EPA. Estudo sobre a relación coa actividade da poboación xuvenil.

AE316 Comercio exterior de produtos de alta tecnoloxía.

AE317 Explotación estatística da información tributaria.

AE321 Explotación da mostra continua de vidas laborais.

AE323 Explotación estatística dos censos demográficos.

AE325 EEF. Coñecemento e uso do galego.

AE327 EPA. Módulo sobre accidentes laborais e problemas de saúde relacionados co traballo.

AE328 EPA. Estatística de fluxos da poboación activa.

AE329 EPA. Estatística de mobilidade laboral e xeográfica.

AE330 EPA. Decil de salarios do emprego principal.

AE404 Datos estatísticos básicos de Galicia.

AE408 A realidade da muller galega.

AE413 Panorama dos sete grandes concellos.

AE601 Accesibilidade á vivenda.

AE605 Indicadores de contexto do Plan estratéxico.

AE608 Indicadores estruturais da Unión Europea.

AE609 Indicador da intensidade da demanda turística.

AE626 Indicadores de innovación.

AE627 Enquisa sobre a percepción da competencia en Galicia.

AE708 Investigación e desenvolvemento de métodos demográficos.



ANEXO III
Descrición das operacións estatísticas

11-101 Estado do planeamento urbanístico dos concellos.

Organismo responsable:

Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Obxectivos informativos (metas de información):

1.1.1. Territorio.

Obxectivos concretos:

Cofecer as principais características –fase en que se atopa, ano de inicio, ano de aprobación etc.– dos planeamentos urbanísticos municipais.

Estado: en curso.

Ámbitos de investigación:

Poboacional: planeamento urbanístico municipal.

Territorial: concellos.

Periodicidade:

Regular: anual.

Orzamento aproximado: 0 euros.

Forma e prazos de difusión:

O ano 2013 difundirase na internet en febreiro de 2014.



11-102 Indicadores de seguimento das Directrices de ordenación do territorio e do Plan de ordenación do litoral.

Organismo responsable:

Instituto de Estudos do Territorio. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Obxectivos informativos (metas de información):

1.1.1. Territorio.

Obxectivos concretos:

Recompilar os principais indicadores de seguimento das Directrices de ordenación do territorio e do Plan de ordenación do litoral.

Estado: en proxecto.

Ámbitos de investigación previstos:

Poboacional: territorio da Comunidade Autónoma.

Territorial: concellos.

11-301 Contaxe nas estradas competencia da Comunidade Autónoma.

Organismo responsable:

Axencia Galega de Infraestruturas. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Obxectivos informativos (metas de información):

1.1.3. Estradas.

Obxectivos concretos:

Cofecer o tránsito nas estradas que son competencia da Comunidade Autónoma.



Estado: en curso.

Ámbitos de investigación:

Poboacional: estradas competencia da Comunidade Autónoma.

Territorial: estacións de medición do tráfico.

Periodicidade:

Regular: anual.

Orzamento aproximado: 52.500 euros.

Forma e prazos de difusión:

O ano 2013 difundirase en papel e na internet en xuño de 2014.

11-801 Estatística de licenzas de pesca e caza.

Organismo responsable:

Dirección Xeral de Conservación da Natureza. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Obxectivos informativos (metas de información):

1.1.8. Caza e pesca continental.

2.6.4. Hábitos e prácticas deportivas e do lecer.

Obxectivos concretos:

Explotar estatisticamente os datos obtidos a partir das licenzas de caza e pesca outorgadas polo departamento responsable.

Estado: en curso.

Ámbitos de investigación:

Poboacional: licenzas de caza e pesca en augas continentais.

Territorial: provincias.



Periodicidade:

Regular: anual.

Orzamento aproximado: 0 euros.

Forma e prazos de difusión:

O ano 2013 difundirase na internet en decembro de 2014.

12-301 Reservas de auga.

Organismo responsable:

Augas de Galicia. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Obxectivos informativos (metas de información):

1.2.3. Reservas de auga.

Obxectivos concretos:

Obter información sobre o volume de auga nas bacías de Galicia-costa e da ocupación dos encoros.

Estado: en curso.

Ámbitos de investigación:

Poboacional: encoros situados nas bacías Galicia-costa.

Territorial: encoro.

Periodicidade:

Regular: semanal.

Orzamento aproximado: 0 euros.

Forma e prazos de difusión:

Difundiranse na internet os datos correspondentes a cada luns.



12-401 Sistema de información sobre calidade microbiolóxica das zonas de baño.

Organismo responsable:

Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública. Consellería de Sanidade.

Obxectivos informativos (metas de información):

1.2.4. Calidade e depuración de auga.

Obxectivos concretos:

Cofecer a calidade microbiolóxica das augas de uso recreativo en Galicia.

Estado: en curso.

Ámbitos de investigación:

Poboacional: zonas de baño marítimas e continentais.

Territorial: zonas de baño.

Periodicidade:

Regular: anual.

Orzamento aproximado: 500 euros.

Forma e prazos de difusión:

O ano 2013 difundirase na internet no primeiro semestre de 2014.

12-501 Xestión de residuos urbanos.

Organismo responsable:

Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Obxectivos informativos (metas de información):

1.2.5. Residuos urbanos e industriais. Reciclaxe.



Obxectivos concretos:

Cofecer o nivel de xestión integral dos residuos urbanos.

Estado: en curso.

Ámbitos de investigación:

Poboacional: residuos urbanos.

Territorial: Galicia.

Periodicidade:

Regular: anual.

Orzamento aproximado: 0 euros.

Forma e prazos de difusión:

A información referida a un ano vencido, difundirase no segundo semestre do ano seguinte.

21-101 Indicadores demográficos.

Organismo responsable:

